



uma  
HISTORIA  
de  
DIVER-  
SIDADE  
na  
HISTORIA  
da  
ARTE

CHARLA  
INTERACTIVA  
CON  
carmen p.g.  
granxeiro.

## SINOPSE

Un percorrido interactivo en que os visionados de obras de arte, as narracións biográficas e os xogos de descuberta, lévannos por unha Historia da arte diversa e habitualmente descoñecida para o grande público.

Porque adoitamos nomear só homes cis como referentes? Cantas mulleres artistas coñecemos? E cantas persoas cuir dentro da Historia da arte? Fronte ao relato tradicional, revelando como diferentes identidades foron sistematicamente invisibilizadas nos museos e libros de texto, descubriremos que a cultura sempre foi plural. Transformaremos a mirada en crítica activa, capaz de identificar omisións e valorar novas perspectivas no patrimonio artístico.

## CONTIDOS

Transitaremos máis de 50 artistas a través das súas obras, falaremos de diversas técnicas e procesos creativos, visitaremos uns máis de 40 lugares ao longo do planeta e prestaremos atención ás identidades diversas destes creadoris, dende o sexo xenérico, étnico, racial ou creativo. Dende as primeiras creacións artísticas da Historia, as pictóricas atopadas nas covas, até as máis recentes da arte contemporánea e as novas tecnoloxías.

## OBXECTO DE PROGRAMA

O obxecto central desta charla é a relectura crítica do patrimonio artístico universal, analizándoo para descubrir as narrativas silenciadas sobre a diversidade que a historia oficial omitiu ou distorsionou. Trátase de transformar a obra de arte nun documento histórico que revela como o poder, o racismo e a lgbifobia moldearon quen foi lembrado e quen esquece, invitando ao alumnado a ser detective de esas ausencias.

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Desmontar o canon artístico tradicional, revelando como a historia da arte foi construída desde perspectivas maioritariamente brancas e heteronormativas, e visibilizar as contribucións de artistas e obras marginalizadas. Fomentar un pensamento crítico que cuestione as narrativas hexemónicas e recoñeza a diversidade como un elemento constitutivo e esencial da produción cultural humana.

## RECURSOS PRECISOS

Técnicos\_ Sala de exposicións equipada con sistema de proxección de audio e vídeo.

## DESCRIPCIÓN DE ACTIVIDADE E METODOLOXÍA

Charla interactiva audiovisual cunha duración posible entre 50 e 90 minutos, para un máximo de 60 persoas a partires dos 14 ou 15 anos e sen límite de idade. A metodoloxía parte dun enfoque activo e participativo. As interaccións coa audiencia tecen a narrativa, as participacions nos xogos están baseadas no puramente analóxico, co emprego de tarxetas de cores que se entregan ao inicio da charla a todes es participantes, fomentando a participación e evitando unha exposición pasiva prolongada.

## MEDIDAS DE ACCESIBILIDADE

Accesibilidade visual: contrastes de cor altos entre o texto e o fondo, descrición oral de todas as imaxes, gráficos ou detalles visuais clave para alumnado cego ou con baixa visión.

Accesibilidade auditiva: vídeos ou audio con subtítulos. Evitando o uso exclusivo de xerga técnica sen explicación previa.

Participación inclusiva: para que todo o alumnado se sinta cómodo expresándose, independentemente das súas barreiras de comunicación, traballarase co profesorado as necesidades de comunicación específicas que poida presentar calquera alumne.

# BIOGRAFÍA

Carmen P.G. Granxeiro (Lugo, 1985) formouse no audiovisual e móvese no mundo da creación, traballando ficcións e documentais a partes iguais. Leva anos impartindo obradoiros sobre arte e as aulas de Videocreación dos Campus de Santiago de Compostela e de Lugo da U.S.C., onde ademais exerce de xurado no Certame de Videocreación e fai seguimento de proxectos.



Con **'Benvidas ao club'** (2019) conseguiu no Festival de Málaga a Biznaga de prata, premio especial *Afirmando los derechos de las mujeres*, o mesmo festival no que máis tarde estaría presente con **'Nun tempo de horta'** (2022). Participou na sección oficial do Festival Alcances de Cádiz con **'Un día normal'** (2020), na sección Panorama Galego do Ourense Film Festival con **'Persoas S.A.'** (2021), no Directed by Women con **'Alex and Munchie, contra o cisheteropatriarcado'** (2023) e levou o Premio Xohana Torres por **'Escenas dun consenso'** (2024). Vén de estrear **'Alén dos silencios'** (2026).

Ademais de formar parte de exposicións e experiencias artísticas e sociais colectivas, recibiu premios polas súas creacións de videoarte e foille concedido o *II Premio Literario Pinto e Maragota* pola novela **'Estranxeiras'** (Xerais, 2022).